

INFORMACIÓN DE INTERESE XERAL PREGAMOS LEA CON ATENCIÓN

- Deberase cubrir unha ficha de inscrición para cada neno/a indicando nela as actividade/s na/s que quere participar.
- NINGÚN ALUMNO PODERÁ PARTICIPAR NAS ESCOLAS MUNICIPAIS SEN INSCRICIÓN PREVIA.
- Documentación que se debe achegar xunto coa ficha de inscrición:
 - Fotocopia do libro de familia
 - Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a que realiza a inscrición.
- ENTREGA DAS INSCRICIÓN: ata o 23 de setembro no Pazo Emilia Pardo Bazán ou nos centros escolares.
A inscrición de NATACION FARASE A PARTIR DO 23 DE SETEMBRO E SO SE PODERÁ ENTREGAR NA PISCINA MUNICIPAL. A adxudicación de prazas farase por rigorosa orde de inscrición.
- A inscrición poderá facerse durante todo o ano sempre que haxa prazas dispoñibles
- As clases impartiranse segundo o calendario escolar. A estes efectos o 9 de decembro e o 2 de maio non serán lectivos.
- Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditarse a través do documento legal pertinente.
- No caso de producirse algún accidente durante a actividade A ASISTENCIA SANITARIA CORRERÁ A CARGO DO SEGURO DO PAI/NAI/TITOR/A DO ALUMNO/A.
- Cotas:
 - Os pagos das cotas mensuais correspondentes EFECTUARÁNSE A TRAVÉS DE DOMICILIACIÓN BANCARIA.
 - Os alumnos/as que non acheguen os datos correspondentes a domiciliación bancaria NON SE CONSIDERARÁN INSCRITOS.
- Incrementos e descontos nas cotas:
 - Están exentas do pago das cotas de inscrición e mensualidades as familias numerosas de categoría especial. Deberase entregar fotocopia do título.
 - As familias numerosas de categoría xeral teñen un desconto do 50 %. Deberase entregar fotocopia do título.
 - Ás familias con dous fillos inscritos nas Escolas Municipais aplicaráselles un desconto do 25% a cada un deles nas cotas mensuais
- As actividades das escolas deportivas non teñen finalidade competitiva.
Alguns clubs poderán facer equipos de competición federada sempre que a familia do alumno/a así o autorice.

PARA MÁIS INFORMACIÓN ANTE CALQUERA DÚBIDA
Pazo Emilia Pardo Bazán, Telf: 986 727 936
R/ Miraflores, 26 A - 36960 Sanxenxo
educacion@sanxenxo.org / deportes@sanxenxo.org

ESCOLAS MUNICIPAIS 2016/17



Educación Infantil

CONCELLO DE
**SAN
XEN
OXO**





OBRADOIRO DE ARTE INFANTIL

¿QUE É? Un espazo onde os nenos e nenas se achegan ao mundo das artes a través de distintos autores e movementos artísticos para promover o seu desenvolvemento creativo, intelectual e emocional

¿QUE FACEMOS?

- “Mundoxogo” coas cores e as súas combinacións, formas e figuras xeométricas..
- “Mundoartístico”: Coñecer, apreciar e traballar distintos autores e as súas obras
- “Mundocreativo”: Cada neno fronte ao lenzo dará renda solta a súa creatividade

¿ONDE SE LEVA A CABO?

No Pazo Emilia Pardo Bazán

HORARIO: a actividade comezará o 22 de outubro de 2016 e rematará o 3 de xuño de 2017

Sábados	5 anos: 10:30 - 12:00 h
	3 e 4 anos: 12:00 - 13:30 h

MENSUALIDADE: 8 €

CONSELLOS DE INTERESE:

- Os nenos e nenas deberán asistir a actividade con mandilón ou roupa que poidan manchar.
- Recómendase puntualidade na hora de chegada e recollida dos nenos e nenas.

GRUPOS REDUCIDOS de como máximo 15 nenos/as. Todos os inscritos están admitidos e deberán presentarse o primeiro día da actividade.



ESCOLA DE NATACIÓN

¿QUE É?

Con esta actividade os nenos/as tomarán contacto co medio acuático e adquirirán as habilidades básicas de adaptación ao auga; flotación, equilibrio e outros elementos para buscar o desenvolvemento en etapas posteriores.

DESTINATARIOS: alumnos/as do 3º curso de Educación Infantil (5 anos)

CARGA HORARIA: unha sesión semanal de 40 min. A actividade comezará a semana do 3 de outubro de 2016 e rematará na semana do 29 de maio de 2017

INSCRICIÓN: na piscina municipal a partir do 23 de setembro. A adxudicación de prazas farase por rigorosa orde de inscrición.

HORARIO: os horarios están dispoñibles na Piscina Municipal.

COTA MENSUAL: 11,50 €



LUOTECA ITINERANTE

Na Ludoteca os nenos e nenas aprenden xogando. Nun espazo de descubrimento onde poden explorar, experimentar e crear a través das actividades propostas en cada un dos trimestres:

- ✓ **Ludoarte:** engloba todo o relacionado coa expresión artística (contacontos, música, arte, obradoiros, baile, psicomotricidade fina (destreza manual), ...
- ✓ **Ludoeduca:** xogos e actividades didácticas, dinámicas e divertidas relacionadas coa educación (variación, valores, igualdade, tolerancia, medio ambiente, saúde, palabras en inglés, os números, as letras...)
- ✓ **Ludomovemento:** actividades de iniciación ao deporte onde traballaremos os xogos en equipo e individuais (deportes: fútbol, baloncesto, tenis, brile..) , psicomotricidade grossa (o equilibrio, a coordinación...)

DESTINATARIOS: alumnos/as de Educación Infantil. Todos os inscritos están admitidos e deberán presentarse o primeiro día da actividade.

MENSUALIDADE: 8 €

HORARIOS E LUGARES DE REALIZACIÓN: a actividade comezará a semana do 17 de outubro de 2016 e rematará na semana do 29 de maio de 2017

Días	Centro	Horario
Luns	CEIP A FLORIDA	16:00 - 17:30 h
	COLEXIO ABRENTE	16:45 - 18:15 h
Martes	CEIP TELLEIRO	16:00 - 17:30 h
	CEIP NANTES	16:15 - 17:45 h
	EEI AIOS	16:00- 17:30h
Mércores	CEIP PORTONOVO	4-5 anos: 16:00-17:30 h
		3 anos: 17:30 - 19:00 h
Xoves	CEIP CRUCEIRO	16:00 - 17:30 h
	CEIP MAGALANS	16:00-17:30 h



PSICOMOTRICIDADE

¿QUE É?

Con esta actividade os nenos/as traballarán as habilidades motrices, expresivas e creativas co seu propio corpo, centrando a actividade no movemento.

DESTINATARIOS: alumnos/as de Educación Infantil (mínimo grupo de 8 alumnos/as)

CARGA HORARIA: dúas sesións semanais de 60 min.

LUGAR: Club Kido Sport Sanxenxo (A Cachada, 6A - Nantes)

HORARIO: Luns e mércores de 16:15 ás 17:15 h. A actividade comezará a semana do 3 de outubro de 2016 e rematará na semana do 29 de maio de 2017

NOTA: Acudir sempre con roupa e calzado deportivo.

COTA MENSUAL: 7 €